

A educación plurilingüe é o uso de varias linguas de instrución escolar para posibilitar o dominio efectivo das linguas que o alumnado non ten na casa. O plurilingüismo é unha esixencia de calquera sociedade moderna culta e avanzada.

A escolarización en varias linguas ten efectos positivos sobre o desenvolvemento educativo e lingüístico do alumnado: reforza a capacidade de simbolización e abstracción, polo que favorece a adquisición de contidos relacionados coas matemáticas, as artes plásticas etc.

Os modelos de educación plurilingüe véñense aplicando en varios estados avanzados do mundo desde hai 100 anos, e na actualidade aplícanse nos estados e territorios máis modernos e civilizados: Finlandia (máxima puntuación no informe PISA), Islandia (maior índice de lectura por habitante), Voivódina (maior ratio de doutores universitarios por habitante) etc.

En España hai experiencias de educación plurilingüe en diversas comunidades, en todas elas con gran éxito de resultados: a maioría do alumnado remata a escolarización sabendo falar e escribir con dignidade na lingua autóctona, na lingua estatal e nunha lingua estranxeira.

En Galicia o novo Decreto pretende que o alumnado adquira competencia abonda para se expresar con corrección en galego e en castelán, para garantir a plena igualdade das dúas linguas, ademais dunha terceira lingua.

O novo Decreto insírese no marco normativo galego (Estatuto), español (Constitución e LOU) e europeo (Carta das Linguas), e é consecuencia directa do Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado en 2004 por unanimidade no Parlamento Galego (PP, PSOE, BNG). Unha recente sentenza do TSXG confirma que este Decreto é o camiño para fomentar a igualdade.

O novo modelo de educación promove o bilingüismo aditivo para que poboación poida elixir libremente a lingua de uso na comunicación debido a que coñece e pode usar correctamente as dúas. En contextos socialmente castelanizados (centros urbanos e vilagos), só se pode conseguir esta dobre capacitación lingüística regulando positivamente a favor do galego.

Ninguén terá liberdade para falar ou escribir en varias linguas se só coñece unha. Non pode haber liberdade lingüística sen coñecemento de linguas. O Decreto pretende formar alumnado competente nas dúas linguas para lle dar á sociedade persoas máis preparadas, competitivas e libres.

O plurilingüismo é unha cuestión de grao de civilización e de nivel cultural. Hoxe o sensato e o culto en toda Europa é a rehabilitación para novos usos do patrimonio natural, do artístico-histórico e do lingüístico que ata agora se destruzaba en nome da modernidade. Por iso Europa ten tanto interese no fomento do patrimonio lingüístico europeo no marco dunha Europa culta e políglota.

Toda persoa que sabe galego sabe tamén castelán. Pero non ao revés. Saber galego fainos máis competentes para accedermos rapidamente ás outras linguas románicas: italiano, catalán, sardo, romanés, francés... Pero é que sabéndonos galego somos case competentes en portugués, lingua falada por 250 millóns de persoas de catro continentes, coas vantaxes comerciais, económicas, educativas e comunicativas que iso supón.

